

## 1. INTRODUCCIÓN

O **magnetismo** é a parte da Física que estuda as accións magnéticas e os campos magnéticos. O **electromagnetismo** é a parte da Electrotecnia que estuda as relacións recíprocas entre os campos magnéticos e as correntes eléctricas.


## 2. IMÁNS

O imán é unha substancia con propiedades magnéticas, é dicir, coa facultade de atraer ao ferro e a outros metais magnéticos. Observamos que este atrae con forza aqueles que son de ferro, aceiro, níquel ou cobalto.

Aos materiais que son susceptibles de ser atraídos por un imán coñéceselles polo nome de **materiais ferromagnéticos**.

As aplicacións dos imáns son moi variadas: pequenas dínamos, micrófonos, altosfalantes, aparellos de medida analóxicos, pequenos motores eléctricos de corrente continua.

As zonas dun imán onde se produce a maior atracción denomínanse **polos magnético** e a zona onde non hai atracción denomínase **liña neutra**.



A brúxula é unha agulla imantada que pode xirar libramente sobre o seu eixo central. Se se deixa xirar libremente á agulla dunha brúxula, esta orientarase cun extremo cara ao polo norte e o outro cara ao sur. De aí provén o nome dos polos dun imán. Ao extremo da agulla que se orienta cara ao norte xeográfico terrestre denomínase **polo norte**, e ao outro **polo sur**.

Nos imáns os polos do mesmo nome desenvolven forzas de repulsión entre eles, mentres que os de diferente nome de atracción.



Existen distintos xeitos de clasificar os imáns. Segundo a súa orixe haberá:

- Imáns **naturais**. Atópanse na natureza, como por exemplo a magnetita.
- Imáns **artificiais**. Fabricados a partir de substancias ferromagnéticas e nos que se poden potenciar as propiedade magnéticas. A súa vez os imáns artificiais, poden clasificarse en:
  - Imáns **permanentes**: unha vez imantados poden manter longo tempo as propiedades magnéticas (aceiro).
  - Imáns **temporais**: só presentan as propiedade magnéticas cando están sometidos á acción de campos magnéticos (ferro puro).

Os imáns temporais son de gran utilidade para a construción de núcleos para electroimáns, motores, xeradores e transformadores. Nestes casos emprégase chapa de ferro aliada con silicio.

### Teoría molecular dos imáns

Cando se parte un imán en dous, as dúas partes resultantes son imáns completos cos seus polos correspondentes. Se os volvésemos a romper cada unha das partes, obteríamos dous novos imáns. Este proceso pódese repetir infinidade de veces ata alcanzar o que se chamaría a molécula magnética.




Segundo esta teoría, suponse que un imán está composto de moléculas magnéticas perfectamente orientadas cos polos respectivos do imán. Un cacho de ferro sen imantar está composto de moléculas magnéticas totalmente desorientadas.

Esta teoría pode explicar o comportamento dos materiais magnéticos utilizados na elaboración de imáns permanentes. Nos imáns permanentes, aparece unha especie de rozamento interno entre as moléculas magnéticas que dificulta o retorno ao estado inicial unha vez orientadas e magnetizadas. Nos imáns temporais existe moita facilidade para a reorientación das mesmas.

As propiedades magnéticas dos imáns poden verse alteradas pola temperatura, ou por golpes mecánicos.

As aplicacións dos imáns son múltiples: portas de cociña e neveira, suxeición de pezas metálicas en máquinas e ferramentas, separación de materiais en distintas aplicacións (extraer labra, *virutas*, de ferro de aceites ou refrixerantes, separación de ganga de mena na metalurxia, deflexión de cargas en movemento. Ademais na fabricación de altosfalantes e auriculares, pequenos motores eléctricos, dínamos de bicicletas freos en contadores eléctricos. Vexamos o caso do altosfalante dinámico.




O altosfalante dinámico está formado por un imán permanente de forma cilíndrica e unha bobina concéntrica a el unida a unha membrana de papel. A bobina está moi próxima ao imán pero non hai contacto entre elas. Se a bobina é percorrida por unha corrente eléctrica, reacciona producíndose atraccións e repulsións e ao arrastrar á membrana xeran presións e depresións no aire que dan lugar ao son. A intensidade de corrente que circula pola

bobina procede dun amplificador de son. O altosfalante é un transdutor electroacústico, é dicir, que converte sinais eléctricos en sonoras.


### 3. CAMPO MAGNÉTICO

Pódese dicir que un campo magnético é a rexión do espazo, no cal son apreciables fenómenos magnéticos (atraccións e repulsións con outros elementos magnéticos), é dicir, o espazo que rodea un imán.




Cando se achegan limaduras de ferro a un imán pódese ver como estas se orientan dun xeito determinado ao seu redor, oriéntanse baixo a influencia do campo magnético que crea o imán.

As **liñas de forza** do campo representan a forma do campo magnético. Estas liñas teñen un sentido de circulación, convencionalmente as liñas de campo saen do polo norte percorren o espazo exterior e entran polo sur, tal como mostra a figura. Canto máis concentradas estean as liñas de forza maior será o campo nesa zona.



Nas seguintes figuras pódese ver a representación das liñas de campo cando achegamos dous imáns. Se se achegan polos iguais repélense mentres que se son diferentes intensifícanse o campo e atráense.



Se se abandona un imán no interior dun campo magnético xirará ata situarse de xeito que as liñas de forza entren polo polo sur e saian polo norte.

### Magnitudes magnéticas


As magnitudes magnéticas están baseadas no número de liñas de forza de campo magnético e son as seguintes

| Nome (símbolo)                                                       | Definición                                                        | Unidade no sistema internacional |
|----------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------|----------------------------------|
| <b>Fluxo magnético (<math>\Phi</math>)</b>                           | É o numero total de liñas de forza existentes no campo magnético, | O Weber [ $Wb$ ]                 |
| <b>Indución magnética (<math>\beta</math>) ou densidade de fluxo</b> | É o número de liñas de forza por unidade de superficie            | O tesla [ $T$ ]                  |

Dada unha superficie  $S$  atravesada por un fluxo de valor  $\Phi$ , a indución magnética a través da devandita superficie ven dada por:




$$\Phi = \beta \cdot S \cdot \cos \varphi \quad \Rightarrow \quad \beta = \frac{\Phi}{S \cdot \cos \varphi}$$

Onde  $\varphi$  é o ángulo entre un vector perpendicular á superficie da espira e o vector indución. Se a espira e o vector  $\Phi$  son perpendiculares,  $\varphi = 0$ , o fluxo é máximo.



### Propiedades magnéticas da materia

Non todos os medios se comportan igual xeito ante un campo magnético. A permeabilidade magnética indica o comportamento dos materiais cando as liñas de forza tentan de atravesalas, e permiten clasificalos

| Material                                    | Paramagnéticos                                                                                                                                                                                   | Diamagnéticos                                                                                                                                                                                                           | Ferromagnéticos                                                                                                                                                                                |
|---------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Características</b>                      |  <p>As liñas de forza atopan a mesma dificultade a través do material que a través do aire (ou o baleiro)</p> |  <p>As liñas de forza tratan de eludir o paso a través do material, como se atopasen maior dificultade nel que a través do aire</p> |  <p>Os materiais favorecen o paso de liñas de forza co que se consegue multiplicar o efecto magnético</p> |
| <b>Exemplos</b>                             | Papel, cartón, madeira,...                                                                                                                                                                       | Cobre, ouro, gases nobres                                                                                                                                                                                               | Metais derivados do ferro, cobalto, níquel e as súas aliaxes                                                                                                                                   |
| <b>Permeabilidade (relativa ao baleiro)</b> | $\mu_r = 1$                                                                                                                                                                                      | $0 < \mu_r < 1$                                                                                                                                                                                                         | $\mu_r \gg 1$                                                                                                                                                                                  |
| <b><math>\mu_r</math></b>                   | Aire: 1,0000004<br>Aluminio: 1,000022                                                                                                                                                            | Prata: 0,999981<br>Zinc: 0,999988<br>Auga: 0,89991                                                                                                                                                                      | Ferro: < 6.000<br>Chapa magnética: >6.500<br>Aliaxes Fe-Ni: <300.000<br>Ferritas (brandas) :> 10.000                                                                                           |

A permeabilidade magnética é coñecida e recóllese en táboas referida ao baleiro. Confecciónanse táboas coa permeabilidade relativa,  $\mu_r$ , mentres que para os cálculos emprégase a permeabilidade absoluta  $\mu$ . A permeabilidade do baleiro designase con  $\mu_0$

$$\mu_0 = 4 \cdot \pi \cdot 10^{-7} \text{ H/m}$$

e a relación entre ambas as dúas é:

$$\mu_r = \frac{\mu}{\mu_0} \quad \text{ou ben} \quad \mu = \mu_r \cdot \mu_0$$


### EXERCICIOS

1. Un imán de sección cadrada é atravesado por un fluxo de 20 mWb. Se a indución magnética no seu interior ten un valor de 0,5 T, determina a lonxitude do lado da sección do imán.
2. A indución  $\beta$  dun imán é de 1,256 T, sendo 15 cm a súa lonxitude e 3 cm<sup>2</sup> a súa sección. Calcula o fluxo magnético.
3. Unha espira circular de 2 cm de radio do bobinado dun pequeno solenoide é atravesado por un campo magnético de densidade  $\beta=2$  T (perpendicular á espira). Determina:
  - a) O valor do fluxo a través da mesma.
  - b) Fluxo se o ángulo entre o vector superficie da espira e o vector campo vale 30°.

### 4. ELECTROMAGNETISMO

Vexamos mediante un par de experiencias, o vínculo entre as correntes eléctricas e os campos magnéticos

#### Unha corrente xera un campo magnético




Se se colocan limaduras de ferro nos redores dun condutor polo que circula unha corrente eléctrica, estas oríentanse formando un espectro circular ao seu redor. Este fenómeno demostra que **cando circula unha corrente por un condutor ao seu redor aparece un campo magnético**, neste caso en forma de círculos concéntricos.

Se se achega un compás imantado a un condutor polo que circule unha corrente eléctrica, o compás cambia de posición, deixa de apuntar ao norte magnético terrestre

A intensidade do campo magnético desenvolvido polo condutor depende fundamentalmente da intensidade de corrente que flúe polo condutor. A máis intensidade de corrente máis intensidade de campo, se non circula corrente desaparece o campo magnético.

#### Un campo magnético crea unha corrente eléctrica




Se conectamos un amperímetro aos bornes dunha bobina e a sometemos ao fluxo dun imán pódese observar que, cando se despraza o imán achegándose ou afastándose dela (ou se se move a bobina e se deixa fixo o imán) o amperímetro detecta o paso de corrente. Se ambos os dous están en repouso non se rexistra paso de corrente.

A variación de fluxo do fluxo que atravesa a bobina é a causa de que se xere unha forza electromotriz inducida, que da lugar a circulación dunha corrente eléctrica.

#### 4.1. Xeración dun campo magnético a partir dunha corrente eléctrica

Os imáns producen campos magnéticos que para certas aplicacións resultan moi débiles. Para conseguir campos magnéticos máis intensos utilizaremos bobinas fabricadas con condutores eléctricos, que ao ser percorridas por unha corrente producen campos magnéticos dunha intensidade que depende da intensidade de corrente e do número de espiras da bobina.

O paso de corrente eléctrica a través dun condutor sempre xera un campo magnético ao seu redor. Na imaxe pode verse a experiencia realizada por **Oersted**, onde se mostra a desviación dunha agulla magnética en presenza dun condutor por unha intensidade de corrente.



### Intensidade de campo magnético (H)

A intensidade de campo magnético indica o intenso que é un campo e defínese como o número de liñas de forza por unidade de superficie, polo que é equivalente á indución magnética, so se diferencia na magnetización. A súa unidade no sistema internacional é o ampere-volta/m [Av/m].

A permeabilidade absoluta é a relación entre a indución creada e o campo que a produce:


$$\mu = \frac{\beta}{H} \quad \text{ou ben} \quad \beta = \mu \cdot H$$

Isto significa que a causa do campo é a circulación de corrente a través dun bobinado (A-v/m) pero que se potencia pola acción un núcleo ferromagnético.

Non deben confundirse  $\beta$  e  $H$ , no baleiro son equivalentes coa excepción da constante de proporcionalidade  $\mu$ .

Dada unha superficie de valor  $S$  atravesada por un fluxo de valor  $\Phi$ , a intensidade de campo magnético a través da devandita superficie é:

$$H = \frac{\Phi}{\mu \cdot S \cdot \cos \varphi}$$



Experiencias de oersted: <http://vimeo.com/39100199>

### Exercicios


- Unha barra de metal ten unha superficie transversal rectangular de 2 cm de ancho e 4 cm de lonxitude, que é atravesado perpendicularmente por un fluxo de 1 Wb. Determina o valor da intensidade de campo no seu interior.
- Entre dúas caras polares existe unha intensidade de campo de 20 Av/m: introdúcese un núcleo magnético que adquire unha indución de 1,4 T. determina o valor da permeabilidade do núcleo (absoluta e relativa).

### Campo xerado por un condutor rectilíneo



Cando por un condutor circula unha corrente ao seu redor créase un campo magnético circular.

Para determinar o sentido das liñas de forza, aplícase a lei do sacarrolos ou de Maxwell: O sentido das liñas de forza, concéntricas ao condutor, é o que indicaría o xiro dun sacarrolos ou un un parafuso que avanzase no mesmo sentido que a corrente.




O valor da indución magnética xerada polo condutor, que se supón infinitamente longo, en calquera punto P ao seu redor ven dado pola seguinte expresión (derivada da lei de Biot e Savart)

$$B_P = \frac{\mu_0 \cdot I}{2 \cdot \pi \cdot d}$$


Onde:

- $B_P$  representa o vector indución magnética xerada no punto P en teslas [T].
- $I$  é a intensidade de corrente a través do condutor en amperios [A].
- $\mu_0$  é a permeabilidade do baleiro( ou do medio que o rodee) [H/m].
- $d$  é a distancia ao punto considerado [m].

Unha aplicación práctica do campo xerado por un condutor infinitamente longo, atópase na pinza amperimétrica que permite medir a intensidade de corrente que circula a través dunha liña eléctrica sen interromper o circuíto, por medio do campo magnético que xera o paso de corrente a través do condutor



### Campo xerado por unha espira circular



Cando se enrola un condutor formando unha espira e se fai circular unha corrente por el, o campo magnético creado ten a forma mostrada na imaxe. No interior da espira as liñas de forza teñen o mesmo sentido, saíndo por unha cara e entrando por outra. Pódese considerar que a espira ten polaridade como os imáns, posúe unha cara norte e unha sur


A partir da lei de Biot e Savart, dedúcese que o campo magnético no centro dunha corrente circular é:

$$B_C = \frac{\mu_0 \cdot I}{2 \cdot R}$$

Onde:

- $B_C$  representa o vector indución magnética xerada no centro da esfera en [T].
- $I$  é a intensidade de corrente na espira en [A].
- $\mu_0$  é a permeabilidade do baleiro( ou do medio que rodee a espira) en [H/m].
- $R$  é o radio da espira en [m].

A lei de maxwell aplicada a unha espira di que o sentido do campo magnético xerado no centro dunha espira,  $\beta_C$ , coincide co de avance dun parafuso que xirase no sentido da corrente.




Sentido horario  
o dextrógiro



Sentido antihorario  
o levógiro

### Campo xerado por un solenoide

Un solenoide é un condutor en forma de bobina ou enrolamento. No seu interior, o núcleo, está constituído por un material non magnético (aire, cartón...)



Ao circular unha corrente eléctrica polo solenoide no seu interior parece un campo magnético onde as liñas de forza levan a mesma dirección e sentido. O sentido das liñas de forza, e polo tanto a polaridade do solenoide, determínase mediante a regra de Maxwell. A imaxe mostra un esquema do espectro magnético do solenoide.

Aplicando Biot e Savart a este caso particular:

$$B_C = \frac{\mu_0 \cdot N \cdot I}{L}$$


Nos extremos do solenoide a indución pode estimarse na metade que no interior:

$$B_{Extremos} = \frac{\mu_0 \cdot N \cdot I}{2 \cdot L}$$

Onde:

- $B_c$  representa o vector indución magnética xerada no interior do solenoide en [T].
- $I$  é a intensidade de corrente no enrolamento en [A].
- $\mu_0$  é a permeabilidade do baleiro( ou do medio que rodee o solenoide) en [H/m].
- $L$  é a lonxitude do solenoide en [m].
- $N$  é o número de espiras do solenoide.

Como aplicación práctica do campo xerado por un solenoide podemos considerar un relé. Ao aplicar unha tensión á bobina, circula unha intensidade de corrente a través do seu enrolamento que xera un campo magnético capaz de atraer unha armadura solidaria a un interruptor



### Exercicios

- Un solenoide de 0,2 m de lonxitude e 3000 espiras xera un campo no seu interior de 1 T. Determina o valor da intensidade de corrente que circula polo solenoide.



### Electroimán

Para aumentar o efecto magnético dun solenoide pódese introducir un núcleo de material ferromagnético no seu interior, xa que mellora a permeabilidade do medio que deben atravesar as liñas de forza, estas concéntranse e melloran notablemente o campo no seu interior.

Este elemento é un electroimán, e as súas aplicacións

máis importantes son semellantes as dos imáns, pero as forzas son maiores e actívanse e desactívanse conectando o electroimán á corrente eléctrica.

Cando os electroimáns levan partes móbiles que pechan o circuíto magnético estas denomínanse **armaduras** (móvil e fixa). A separación entre armaduras denomínase **entreferro**.



Un exemplo de circuíto magnético é un timbre como se ve na figura.


### Circuíto magnético

Unha mellora nos dispositivos electromagnéticos consiste en conseguir que o núcleo ferromagnético sexa pechado para que se perda a menor cantidade posible de liñas de forza, mellorando así o rendemento.

Un núcleo de material ferromagnético pechado constitúe un **circuíto magnético** e é unha parte moi importante das máquinas eléctricas.

As magnitudes características dos circuítos magnéticos son:

- **Relutancia( $\mathcal{R}$ ):** é a oposición ao paso das liñas de forza a través dun determinado núcleo. É comparable á resistencia



eléctrica e a súa unidade é o A-v/Wb.

A relutancia dunha barra de lonxitude  $L$ , sección transversal  $S$  e fabricado cun material de permeabilidade  $\mu$  ven dada por:


$$\mathfrak{R} = \frac{L}{\mu \cdot S}$$

- **Forza magnetomotriz (fmm):** é a responsable de xerar un fluxo nun circuíto magnético e depende do número de espiras,  $N$ , e da bobina e da intensidade de corrente,  $I$ . A súa unidade é o A-v


$$\mathcal{F} = N \cdot I = H \cdot L$$

A expresión que relaciona ambas magnitudes é a lei de Hopkinson:

$$\Phi = \frac{\mathcal{F}}{\mathfrak{R}}$$





Circuíto magnético dun transformador




Circuíto magnético dun motor de corrente continua

Existe un paralelismo notable entre as magnitudes eléctricas e as magnéticas, así como entre ambos tipos de circuítos, eléctricos e magnéticos. Se sabemos analizar un circuíto eléctrico, saberemos estudar un circuíto magnético

| Magnitudes eléctricas                                                               | Magnitudes magnéticas                                                                |
|-------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|
| Resistencia, $R$ [ $\Omega$ ]                                                       | Relutancia, $\mathfrak{R}$ [ $A - V/Wb$ ]                                            |
| Intensidade, $I$ [ $A$ ]                                                            | Fluxo, $\Phi$ [ $Wb$ ]                                                               |
| Forza electromotriz, fem, $\varepsilon$ [ $V$ ]                                     | Forza magnetomotriz, fmm, $\mathcal{F}$ [ $A - v$ ]                                  |
| Lei de Ohm $I = \frac{\varepsilon}{R}$                                              | Lei de Hopkinson $\Phi = \frac{\mathcal{F}}{\mathfrak{R}}$                           |
|  |  |

## Exercicios

- Para o funcionamento dun electroimán precísase unha forza magnetomotriz de 500 Av. Indicar dúas posibilidades de conseguilo.
- Determinar o valor do fluxo e a indución en cada parte do circuíto magnético dun transformador semellante ao da figura, sabendo que a permeabilidade relativa do núcleo  $\mu_r = 10^4/\pi$  e dispón dun enrolamento de 500 espiras polas que circula unha intensidade de 0,7 A. O espesor de todo o circuíto é de 2 cm e as cotas da figura están en cm.



### Forza electromagnética

Cando se coloca un condutor eléctrico no interior dun campo magnético e circula polo devandito condutor unha corrente, o condutor sofre unha forza  $F$  que o pode desprazar como se indica na figura.

A forza electromagnética exercida sobre unha corrente eléctrica inmersa no interior dun campo magnético ven dada pola seguinte expresión, a lei de Laplace.

$$\vec{F} = (\vec{I} \cdot \vec{l}) \times \vec{\beta}$$

No que a aspa representa o produto vectorial de dous vectores, que da por resultado un vector  $F$ , das seguintes características:

- **Módulo** de  $F$ : ven dado pola expresión do produto vectorial:

$$F = I \cdot l \cdot \beta \cdot \sin \phi$$

Onde  $\phi$  é o ángulo que forma o primeiro vector  $(\vec{I} \cdot \vec{l})$  co segundo,  $\vec{\beta}$ .



- **Dirección** de  $F$ : é perpendicular ao plano definido polos vectores  $(\vec{I} \cdot \vec{l})$  e  $\vec{\beta}$ .
- **Sentido** de  $F$ : Ven dado pola regra de Maxwell, é dicir a forza levará o sentido de avance dun parafuso que xire para levar o primeiro vector sobre o segundo polo camiño máis curto.

A forza será nula se o son a intensidade de corrente ou a indución, ou se o vector campo e o condutor están aliñados (Se  $\phi = 0 \Rightarrow \sin \phi = 0$  e  $\vec{F} = 0$ ).

A forza será máxima se o vector campo e intensidade, o condutor, son perpendiculares (Se  $\phi = 90 \Rightarrow \sin \phi = 1$  e  $\vec{F} = I \cdot l \cdot \beta$ ).

### Exercicios

9. Determinar o valor da indución do campo magnético no que un condutor eléctrico, pertencente ao rotor dun motor de corrente continua, que transporta unha corrente de 10 A e que ten unha lonxitude de 15 cm, e está sometido a unha forza de 8 N que o expulsa do mesmo segundo se observa na figura



### 4.2. Xeración dunha corrente eléctrica a partir dun campo magnético


Esta segunda vertente do electromagnetismo vailos permitir obter unha corrente eléctrica a partir dun fluxo magnético que sexa variable, ou ben que, sendo o fluxo constante, sexa o condutor o que ao moverse no seu interior estea sometido a un fluxo variable.

#### Lei de Faraday

Para que o fluxo magnético que atravesa unha bobina sexa variable, condición indispensable para que se xere unha forza electromotriz, f.e.m., o que se fai é modificar a posición do imán respecto a bobina achegándoo ou afastándoo da mesma (ou a inversa). Obsérvase que canto maior é a velocidade de desprazamento, maior é a tensión inducida. Tamén se aprecia que a polaridade da tensión inducida cambia segundo que polo se achegue a bobina.

Na figura represéntanse catro momentos desa experiencia. Cando se induce unha f.e.m., como o circuito eléctrico está pechado, circula unha corrente pola bobina que se detecta no amperímetro da parte superior. Ao achegar polo sur do imán, prodúcese un desprazamento da agulla cara a esquerda (a); se o desprazamento se fai a maior velocidade a agulla desprázase máis á esquerda (b); Se se deixa quieto o imán non se induce ningunha f.e.m. e a agulla marca

cero(c); ao afastar o polo sur da bobina, invértese a tensión xerada , e o desprazamento da agulla vai en sentido contrario



Forza electromotriz inducida nun bobinado ao desprazar alternativamente un imán, provocando a variación de fluxo no seu interior.

A condición para que se xere unha forza electromotriz no bobinado, é que as liñas de forza que atravesan o bobinado sexa continuamente variable. Se se deixa de variar o fluxo a f.e.m. inducida é nula.

A **forza electromotriz inducida** nun bobinado é directamente proporcional ao número de espiras do bobinado e á velocidade de variación do fluxo, isto é o que nos di a lei de Faraday.

$$\varepsilon_{inducida} = -N \frac{\Delta\Phi}{\Delta t}$$


Onde:

- $\varepsilon$  é a forza electromotriz inducida en voltios [V].
- $N$  é o número de espiras da bobina.
- $\frac{\Delta\Phi}{\Delta t}$  indica a variación do fluxo cortado pola bobina respecto do tempo, [Wb/s]

O signo negativo indica que a forza electromotriz inducida oponse á causa que a produce, lei de Lenz.

#### Xerador elemental

